

ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECEMENTO

MUIÑOS HIDRAULICOS NAS PARROQUIAS
DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO

CONCELLO DE ROIS-A CORUNA



AUTOR:

JOSE CASTOR CAMPOS RODRIGUEZ

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACION GRAFICA


PROFESORES TUTORES:

**JOSE ANTONIO DÍAZ ALONSO
JOSE MANUEL YANEZ RODRIGUEZ**

**TITULACIÓN: GRAO EN ARQUITECTURA TECNICA
TRABALLO FIN DE GRAO 2014**

**E.U.A.T-A CORUÑA
DATA: XUÑO DO 2014**





Quero dar as grazas a todas aquelas persoas que me axudaron para facer realidade este traballo, aos veciños que me abriron as portas das súas propiedades e, de xeito especial, aos amigos Silvestre do Faro, por aguantarme moitas tardes e levarme ata onde sen a súa axuda, non sería capaz de achegarme, e a Manolo, encargado de Aguagest por mostrarme os encantos agochados nos ríos que, sen a súa axuda, seguiría perdido sen poder ver o que eles me amosaron para poder plasmalo neste traballo, por todas esas tardes amosándome e ensinándome outra forma de vida que descoñecía ata que comecei con este proxecto e por compartir comigo o labor de afondar no coñecemento do patrimonio da nosa arquitectura popular

A Sergio, compañeiro e amigo, que me votou unha man no traballo de oficina coa súa paciencia e arte para plasmar no papel os datos recollidos no campo.

Os meus titores, os profesores José Antonio Díaz Alonso e José Manuel Yáñez Rodríguez, profesores do Departamento de Tecnoloxía e Ciencia da Representación Gráfica da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica de A Coruña, por guiarme no proceso de elaboración deste proxecto e pola paciencia que demostraron comigo ao longo do traballo.

A meus pais, Chucho e Amparo, por estar aí, a miña muller Mari pola paciencia que me demostrou ter durante todo este tempo que durou o traballo, e algún mais.

De maneira especial, para miñas fillas, Clara e Sabela, para que sempre sexades a auga que mova o meu mecanismo do mesmo xeito que o fai nun muíño.



Título: ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO | MUIÑOS HIDRÁULICOS NAS PARROQUIAS DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO | Data: XUÑO 2014
Autores: J. CASTOR CAMPOS RODRÍGUEZ | Titulación: GRAO DE ARQUITECTURA TÉCNICA | FIN DE GRAO 2014 | E.U.A.T. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACIÓN GRÁFICA | Tutores: JOSE ANTONIO DÍAZ ALONSO | JOSE MANUEL YANEZ RODRÍGUEZ

INDICE	PÁXINA NÚMERO		
INDICE	7		
1.RESUME ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO	9		
ABSTACT ARCHITECTURE OF GRAIN AND OBLIVION	9		
2.INTRODUCCION E OBXETO DO TRABALLO	11		
3.DATOS SOBRE O CONCELLO DE ROIS XERAL	17		
3.1. ENCUADRE XEOGRAFICO	19		
3.2. AS CONDICIÓNS NATURAIS: AUGA E RELEVO	21		
3.3. OROGRAFIA E ORIENTACIÓN	21		
3.4. HIDROLOXIA	22		
3.4.1. CONCA DO RÍO SAR	22		
3.4.1.1. RÍO ROIS (REGO DE BUXÁN)	22		
3.4.1.2. RÍO HERBOGO (RÍO SERELA)	22		
3.4.1.3. RÍO RUBIAL	22		
3.4.1.4. RÍO TINTO	23		
3.4.2. A CONCA DO RÍO TAMBRE	23		
3.4.2.1. RÍO DE SOÑORA	23		
3.4.2.2. RÍO NAVEIRA	23		
3.5. CLIMATOLOXIA	23		
3.5.1. TEMPERATURAS	23		
3.5.2. PRECIPITACIÓNS	23		
3.6. CULTIVOS E APROVEITAMENTOS	24		
3.6.1. CLASES AGROLOXICAS	24		
3.6.2. CULTIVOS	24		
3.7. ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN	25		
3.8. ARQUITECTURA E VIVENDA	27		
3.9. DEMOGRAFIA	28		
3.10. LEXISLACION DE PROTECCION DO PATRIMONIO HISTORICO ARTISTICO	29		
3.11. O ABANDONO E O FUTURO DOS MUIÑOS	31		
3.11.1.NA PROCURA DE SOLUCIÓNS	32		
3.11.1.1.A CATALOGACIÓN	32		
3.11.1.2.A PRESERVACIÓN, RESTAURACIÓN E A RECONVERSIÓN FUNCIONAL	32		
4. AS CONSTRUCIÓNS TRADICIONAIS ADXETIVAS:			
INTRODUCCION OS MUIÑOS HIDRÁULICOS	33		
4.1. ESQUEMA CLASIFICACION DOS MUIÑOS	36		
4.2. CLASIFICACION DOS MUIÑOS EN FUNCIÓN DA SUA PROPIEDAD	37		
4.2.1. MUIÑOS HERDEIROS	37		
4.2.2. MAQUIEIROS	38		
4.3. A INFRAESTRUCTURA EXTERIOR DA AUGA	40		
4.3.1. OS ACCESOS	41		
4.4. MUIÑOS HIDRÁULICOS	41		
4.5. ESQUEMA DO FUNCIONAMENTO DO MUIÑO HIDRÁULICO DE RODA MOTRIZ HORIZONTAL OU RODICIO	42		
4.6. RESUMO DA MORFOLOXÍA DO MUIÑO HIDRÁULICO DE RODICIO	43		
4.7. MUIÑOS DE RÍO DE RODICIO	43		
4.7.1. O MUIÑO DE CANLE	44		
4.7.2. O MUIÑO DE CUBO	45		
4.8. O MECANISMO	46		
4.8.1. O MECANISMO DE ROTACIÓN	46		
4.8.1.1. O RODICIO	46		
4.8.1.1.1. RODICIO DE PENAS	46		
4.8.1.1.2. RODICIO DE TURBINA	47		
4.8.1.1.3. RODICIO DE PAS	47		
4.8.1.2. O EIXO	48		
4.8.2. AS PEZAS DE SUSTENTACIÓN DO XIRO	49		
4.8.3. PEZAS PARA O DESPRAZAMENTO VERTICAL DO MECANISMO	50		
4.8.4. O MECANISMO DE TRITURACIÓN	51		
4.8.4.1. AS PEDRAS	51		
4.8.4.2. A BUXA	52		
4.8.4.3. A SEGORELLA	52		
4.9. A MONTAXE DO MECANISMO	53		
4.10. PEZAS E ELEMENTOS COMPLEMENTARIOS	54		
4.10.1.A MOEGA	54		
4.10.2.A CAIXA DA FARIÑA	55		
4.10.3.PEZAS DE REDUCCIÓ DO CAUDAL	55		
4.10.3.1.OS PECHADOIROS	55		
4.10.3.2.AS BIQUEIRAS	56		
4.11. PEZAS DE PARADA	57		
4.12. PEZAS DE FILTRAXE	58		
4.13. CONDICONANTES DAS PEZAS DO MUIÑO	58		
5. CARACTERISTICAS XERAIS A ARQUITECTURA DOS MUIÑOS	59		
5.1. ORGANIZACIÓN INTERIOR	62		
5.1.1. O INFERNO (PLANTA INFERIOR)	62		
5.1.2. O TREMIÑADO (PLANTA SUPERIOR)	62		
5.2. PRINCIPAIS ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS DA ARQUITECTURA DOS MUIÑOS	63		
5.2.1. A TÉCNICA DOS MUROS	63		
5.2.1.1. A CACHOTERÍA	63		
5.2.1.2. OS REBOS	63		
5.2.1.3. AS XOGAS	63		
5.2.1.4. A CANTERÍA	64		
5.2.1.5. O PERPIAÑO	64		
5.2.2. OS CIMENTOS	64		
5.2.3. ELEMENTOS DOS MUROS	65		
5.2.3.1. O MAINEL	65		
5.2.3.2. O POUSADOIRO	65		
5.2.3.3. O POUSAVIGAS	65		
5.2.3.4. OS ROMPEAUGAS	65		
5.2.4. OS REVESTIMENTOS	65		
5.2.5. OS VANS DOS MUROS	66		
5.2.5.1. A PORTA	66		
5.2.5.2. A XANELA	67		
5.2.5.3. AS BUFARDAS	67		
5.2.6. A CUBERTA	67		
5.2.6.1. A TELLA CERÁMICA	67		
5.2.6.2. A ARMAZÓN	68		
5.2.6.3. OS PENAS	68		
5.2.6.4. O BEIRIL	68		
5.2.7. ELEMENTOS INTERIORES	69		
5.2.8. ELEMENTOS COMPLEMENTARIOS	70		
5.3. AGRUPACIÓNS CONSTRUCTIVAS ARREDOR DO MUIÑO	71		
5.3.1. O MUIÑO ILLADO	71		
5.3.2. AS AGRUPACIÓNS DE MUIÑOS	71		
5.3.2.1. MUIÑOS INDEPENDENTES	71		
5.3.2.2. MUIÑOS APIÑADOS	71		
5.3.2.3. MUIÑOS SOBRE A CEÑA	72		
5.3.2.4. MUIÑOS ALIÑADOS	72		
5.3.2.5. MUIÑOS IRMÁNS	72		
6. CATALOGO			73
6.1. CARACTERÍSTICAS BASICAS DO CATALOGO			75
6.2. FICHAS MUIÑOS PARROQUIAS AGUASANTAS			81
1. MUIÑO DA CASA DE FRUCTUOSO, A SENRA			83
2. MUIÑOS DA CASA DE VARELA E COMUNITARIO, A SENRA			91
3. MUIÑO DA CASA DE HERDEIROS DE FELIPE BECERRA, ALBAGUEIRA			97
4. MUIÑO COMUNITARIO, ALBAGUEIRA			103
5. MUIÑO COMUNITARIO, ALBAGUEIRA			109
6. MUIÑO DA CASA DE DIEGO, BEADE			113
7. MUIÑO DA CASA DE VENTURA-ROSA DE BEADE, BEADE			119
8. MUIÑO COMUNITARIO, BEADE			125
9. MUIÑO COMUNITARIO, BEADE			131
10. MUIÑO DA CASA DE CASTRO, CERNAN			137
11. MUIÑO DA CASA DE CORNES, CERNAN			143
12. MUIÑO DA CASA DE VENTURA, CERNAN			149
13. MUIÑO DA CASA DE ELISA, DUEI			155
14. MUIÑO DA CASA DE MANUEL DO PORTO, PORTO			161
15. MUIÑO DA CASA DE VILAS, VILARIÑO DE NEDA			167
6.3. FICHAS MUIÑOS PARROQUIAS BUXAN			175
16. MUIÑO DA CASA DE CLEMENTE, ESPIÑEIRA			177
17. MUIÑO DA CASA DE RIAL, ESPIÑEIRA			183
18. MUIÑO COMUNITARIO, ESPIÑEIRA			189
19. MUIÑO DA CASA DE SILVESTRE, FARO			193
20. MUIÑOS COMUNITARIOS, O PIÑEIRO			199
21. MUIÑO DA CASA DE MUIÑOS, PICADIZO			207
6.4. FICHAS MUIÑOS PARROQUIAS ERMEDELO			213
22. MUIÑO DA CASA DE CHUCO, O BARREIRO			215
23. MUIÑO DA CASA DE TUBIO, O BARREIRO			223
24. MUIÑO DA CASA DE TUBIO, O BARREIRO			229
25. MUIÑO COMUNITARIO, O BARREIRO			237
26. MUIÑO DA CASA DA COXA,MARTELO			241
27. MUIÑO DA CASA DO CREGO,MARTELO			247
28. MUIÑO COMUNITARIO,MARTELO			253
29. MUIÑOS DA CASA DO SABUGUEIRO,MOARES			261
30. MUIÑO DA CASA DO MATO,MOARES			269
31. MUIÑO DA CASA DE LUIS DE MOARES, MOARES			277
32. MUIÑO DA CASA DE LUIS DE MOARES, MOARES			283
33. MUIÑO DA CASA DA RULA, MOARES			289
34. MUIÑO DA CASA DE SAN PÉREZ, MOARES			293
35. MUIÑO DA CASA DE VERDUGA, MOARES			299
36. MUIÑO COMUNITARIO, MOARES			307
37. MUIÑO COMUNITARIO, PENAVIDE			311
38. MUIÑO DA CASA DE LAGO, SABACEDO			317
39. MUIÑO COMUNITARIO, SABACEDO			323
6.5. DETALLES SINGULARES			329
6.5.1. MECANISMOS DE ROTACION			331
6.5.2. MECANISMOS DE TRITURACION			332
6.6. RESUMO DAS FICHAS DO CATALOGO			335
6.6.1. ANALISE DE ELEMENTOS E ESTADO DE CONSERVACION			337
6.6.2. ANALISE DE ELEMENTOS POR TIPOLOXIA			338
6.6.3. ANALISE DE ELEMENTOS POR O SEU ESTADO DE FUNCIONAMENTO			339
7. ROIS NA PRENSA			341
8. CONCLUSIÓN			345
9. GLOSARIO			353
10. REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS			357

CONTIDO DO CD.

- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_01de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_02de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_03de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_04de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_05de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_06de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_07de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_08de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_09de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_010de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_11de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_12de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_13de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_14de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_15de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_16de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_17de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_18de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_19de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_20de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_21de22
- CamposRodriguez_JoseCastor_TFG_2014_22de22

Título: ARQUITECTURA DOBROE SQUHGRMNETO ESQUENENHIDRÁULMOSNASH EPARÁMOLIAS NRES AZARONUTASS DEUYAGUAS ANWESLIXANDAE ERMENLQ014Data: XUÑO 2014
Autor: J. CASTROCAMPOS RABRÓGUEAMPOSI RODRÉCHEZ GRÉOTDEARQHITESTORRBTETACQUCCETERN DECEEA 20FIN | DE. GRAPT20M LIVESUDADE .DENCTEBNÁDADE DA CORUNA
DEPARTAMENTO DEPRENOMGNTA BECENCNLOKIREERESSENTACDONRGRSESENTAÇIONUGRASSCAJOSE ANTONES:DJESSEANMSNIQ DOGE MANNED YANSEERORRUGUEYZANEZ RODRIGUEZ

1-RESUME:ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO
ABSTRACT: ARCHITECTURE OF GRAIN AND OBLIVION

Título: ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO | MUÍÑOS HIDRÁULICOS NAS FARROQUIAS DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO | Data: XUÑO 2014
Autor: J. CASTOR CAMPOS RODRÍGUEZ | Titulación: GRAO DE ARQUITECTURA TECNICA | FIN DE GRAO 2014 | E.U.A.T. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACION GRAFICA | Tutores: JOSE ANTONIO DIAZ ALONSO | JOSE MANUEL YANEZ RODRIGUEZ

PALABRAS CLAVE:

Arquitectura Popular

Muíños hidráulicos

Catalogación

1. RESUME - ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO

Cando a día de hoxe falase de arquitectura ou temas relacionados, un dos termos que mais se escoitan na conversa son os de arquitectura sostible, arquitectura bioclimática, rehabilitación, arquitectura ecolóxica, eco-arquitectura, arquitectura verde ou arquitectura ambientalmente consciente, sen darnos conta que por diante dos nosos ollos, eses termos, xa eran empregados polos nosos vellos de maneira racional e necesaria para o uso case que cotián dos labores básicos de subsistencia.

O muíño é un claro exemplo de aproveitamento dos recursos naturais para configurar unha arquitectura adaptada á contorna e que poida responder ás necesidades das persoas aproveitando unicamente o que a natureza dá nos gratuitamente. Os muíños son claro exemplo de como a arquitectura adaptada á contorna pode responder dun xeito sostible ás necesidades do home sen poñer en risco os recursos naturais ou facer un uso irresponsable dos mesmos.

Quero dicir que os valores naturais e culturais dos nosos ríos son as caras dun mesmo patrimonio e ambas partes estamos obrigados a conservarlas e transmitilas a outras xeracións pois se trata dun patrimonio herdado.

Pero o problema xorde cando se sabe que no Concello obxecto de parte deste traballo existen restos de máis de 150 muíños repartidos polas 13 parroquias do Concello nunha extensión aproximada de 93 km², segundo se recolle no libro Clodio González Pérez **“O concello de Rois: historia, economía e arte, catálogo arqueolóxico, artístico e monumental”** editado polo Concello de Rois no ano 1990.

O obxectivo deste traballo pretende levar a cabo a localización dos muíños das parroquias de Aguasantas, Buxán e Ermedelo, debuxar e indicar o estado de algúns muíños que son testemuño da relación dos nosos pobos co río e, polo tanto, deberían ser un patrimonio suxeito a protección, cousa que, por desgraza a día de hoxe, non o son, porque a gran maioría pertencen ao mundo do abandono e o esquecemento, co fin de servir de base para unha futura e mais completa catalogación de todas as parroquias que configuran o Concello de Rois.

Non existe unha valoración do patrimonio edificado nin do paisaxístico o que pode chegar a supoñer a súa desaparición. O descoñecemento é o peor inimigo que temos.

Necesitaríamos inventariar todos os nosos ríos a efectos de coñecemento e protección do seu patrimonio edificado e natural. Nalgunhas administracións realizáronse inventarios onde pode coñecerse o valor de cada un deses edificios e asígnaselles algún tipo de protección. Non é o caso do Concello que se esta a estudar.

Pero o labor de inventariar ou catalogar entendese ardua e lenta, e xa houbo suficientes perdas irreparables para estar esperando aos inventarios xerais. Entendemos que mentres tanto é imprescindible tomar medidas cautelares e urxentes que eviten derribas indiscriminadas.

O traballo pretende ser un grao de area na montaña, motivado en gran parte, pola falta de disposición cronolóxica e climática, polo que o traballo desenvolveuse nunha pequena parte a modo de simboloxía do Concello de Rois, como a continuación se expón.

“Moitas veces a xente non sabe o que quere ata que llo amosas.”
Steve Jobs.

1. RESUME -ARCHITECTURE OF GRAIN AND OBLIVION

When today's we talked about architecture or related subjects, one of the terms that more listen in the chatter they are of :sustainable architecture, bioclimatic architecture, rehabilitation, ecological architecture, echo-architecture, green architecture or environmentally conscious architecture, without realize that in front of our eyes, those terms, were already used by our old people in a rational way and necessary for the use almost that daily of the basic works of subsistence.

The mill is one clear example of the use of the natural resources to configure an architecture adapted to the environment and that it can answer to the needs for the people only using the natural resources. The mills are clear example how the architecture can adapted to the environment and can answer in a sustainable way to the needs of the people without putting in risk the natural resources or to do an irresponsible use of them.

I want to say that the natural and cultural values of our rivers are the faces of a same patrimony and both parts we are obliged to preserving them and to transmit them to the others generations, because it is an inherited patrimony.

But the problem arises when it is known that in the council on behalf of this work there are remains more than 150 mills spread in the 13 parishes of the Council in an approximate 93 km², collected in the book Clodio González Pérez "The council of Rois: history, economy and art, archaeological, artistic and monumental catalog" edited by the Council of Rois in 1990.

The object of this work intends to carry out the location of the mills on the parishes of Aguasantas, Buxán and Ermedelo, draw and indicate the state of some mills that they are testimony of the relation of our people with the river, therefore, they should be a protection patrimony, thing that it don't have from now, because the great majority are abandoned and forgotten, in order to act as base for a future and complete cataloguing of all the parishes that configure the Council of Rois.

There is not assessment of the building patrimony either of the landscape and may disappear. The ignorance is the worst enemy that we have.

We would need an inventory of all our rivers to effects of knowledge and protection of his built and natural patrimony. In some administrations inventories were carried out where the value of each of those buildings can be known and some type of protection is assigned to them. These is not the case in this Council.

But the work of inventorying or cataloguing understood hard and slow, and there were already enough irreparable losses to be waiting for the general inventories. We understand that meanwhile taking is gauged circumspection measured and urgent that they avoid you demolish indiscriminately.

The work intends to be one in one billion, caused for the lack of chronological and climatic arrangement, therefore the work was developed in a symbol of the Council of Rois, like as next it is exposed.

"Many times the people don't know the one that they wants until you show it"
Steve Jobs.

KEY WORDS:

Popular Architecture

Hydraulic Mills

Cataloging

2.INTRODUCCION E OXETO DO TRABALLO

2. INTRODUCCION E OBXETO DO TRABALLO

O obxectivo básico deste Traballo Fin de Grao é o estudo e a catalogación dunha parte da arquitectura popular existente no Concello de Rois (A Coruña). En concreto, no referente ás construcións adxetivas tradicionais adicadas á moenda do gran.

Estámonos a referir aos muíños hidráulicos, e ceñímonos a un ámbito territorial que abarca a tres parroquias do Concello, en concreto, ás parroquias de Aguasantas, Buxán e Ermedelo.

A idea para a realización deste traballo fin de grado xurde pola falta de documentación que, o día de hoxe, o Concello de Rois ten sobre parte do seu rico e extenso patrimonio cultural. Se analizamos a documentación que hai sobre este punto, dámonos conta de que os muíños hidráulicos tradicionais, como na maioría dos concello galegos, estendese por tódolos curruchos posibles.

O plantexamento inicial vese limitado pola relación temporal-extensión, principalmente, aínda que as condicións climatolóxicas durante o traballo de campo non axudaron moito para poder ampliar o traballo. Ademais, en moitas das aldeas consultadas, gran numero de veciños xa nin sabían da existencia destes elementos arquitectónicos singulares.

A premisa de traballar a tempo parcial como asistencia técnica no Concello facíame ver a posibilidade de, posto que pensaba que sabía dos lugares, poder acadar a información necesaria para chegar a localización do maior numero de muíños que a día de hoxe se atopen de pé, ou polo menos, conserven parte da súa estrutura. Pero este punto a considerar, en contra de ser favorable, nalgúns dos casos foi unha carga negativa pola desconfianza que xurdía de que un técnico municipal preguntase tanto polos muíños.

Toda cambia cando o amigo Silvestre de Faro axúdame en moitas das xornadas no desenrolo do traballo de campo. A súa faceta de gaitero pode dicirse que me abriu moitas portas que nun principio estaban pechadas. Con todo isto, a idea comézase a desenrolar, primeiro con traballo de campo e, segundo, co traballo de estudio, e vendo que o tempo non daba para mais, decídese de acurtar o traballo a tres das doce parroquias que conta Rois, sumando unha extensión de 33,80 km² sobre os 92,80 km² totais (mais dun 36,34 % da extensión do Concello) e localizando e analizando 43 muíños sobre os 150 que indica o único documento que no fala dos muíños no Concello de Rois, recollidos nunha pequena nota simbólica no libro de Clodio González Pérez *"O concello de Rois: historia, economía e arte, catálogo arqueolóxico, artístico e monumental"* editado polo Concello de Rois no ano 1990 onde soamente indica, sen chegar a facer un análises como fai con outros elementos arquitectónicos, a existencia de 150 muíños repartidos polas 12 parroquias, dos cales soamente 4 muíños dos 43 (39 fichas) están funcionando, dando unha boa razón o título do Traballo, *"A Arquitectura do Grao e do Esquecemento"*.

Dentro das tres parroquias, faltan algúns muíños que, aínda que estaban localizados, foi imposible o seu acceso para poder debuxalos e catalogalos.


Con todo, o obxectivo principal é que todos os elementos que aparecen neste catalogo, e incluso os que non queden reflexados e grafiados, pero si en gran media localizados dentro do termo municipal, non caían no esquecemento e, en gran media que non desapareza a grande riqueza patrimonial da que a día de hoxe temos no noso entorno.

Por outra parte gustaríame que o traballo servise para que os veciños do Concello onde se levou a cabo o traballo, as administracións, etc..., tomen conciencia do estado actual dos muíños, e valoren que mais interesa, que caían no esquecemento ou que perduren para sempre a través de algún tipo de proxecto de restauración.

Este traballo só pretende ser unha porta aberta para que nun futuro, calquera que se sinta interesado, continúe realizando o mesmo, que o poida ampliar e rematar antes de que desaparezan na súa totalidade.

3.DATOS SOBRE O CONCELLO DE ROIS. XERAL

Título: ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO | MUÍÑOS HIDRÁULICOS NAS FARROQUIAS DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO | Data: XUÑO 2014
Autor: J. CASTOR CAMPOS RODRÍGUEZ | Titulación: GRAO DE ARQUITECTURA TECNICA | FIN DE GRAO 2014 | E.U.A.T. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACION GRAFICA | Tutores: JOSE ANTONIO DIAZ ALONSO | JOSE MANUEL YANEZ RODRIGUEZ



Imaxe 1: Montaxe de situación do Concello de Rois e composición de parroquial obxecto de estudo.
 Fonte: Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Rois, Mapa de Galicia, Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional

3. DATOS SOBRE O CONCELLO DE ROIS. XERAL

3.1. ENCUADRE XEOGRAFICO

O Concello de Rois, atópase no suroeste da provincia da Coruña, entre ás áreas xeográficas definidas pola Mahía e o baixo Ulla, baixando as terras a esta última comarca enclavada no val que forma a canle do río Sar e os seus afluentes.

O Concello de Rois conta cunha extensión de 88,90 km² polo que estamos a falar dun Concello de tamaño medio cunha extensión na media aritmética da superficie dos 315 concellos galegos. Conta cunha posición xeográfica situada entre os 42° 41' e 42° 51' de lonxitude e os 4° 56' e os 5° 7' de latitude, linda ao norte co Concello de Brión, ó sur cos de Dodro e Rianxo, ó leste cos de Padrón e Teo e ó oeste, co de Lousame. Excepto polo suroeste, onde se xunta coa Mahía, todo o Concello de Rois está delimitado por montes, como o de San Xusto ou da Luaña, Baleirón, Formarís, Treito ou da Muralla, que a poucos metros da liña divisoria entre Lousame, Rianxo, Dodro e Rois, chegan aos 670,00 metros de altitude.

No centro de concello está localizado o Val de Quintáns, surcado na súa superficie polo ríos Rois e Penelas e os múltiples regatos que eles recollen, confluindo as súas augas, no punto de menor altitude do termo, coas do río Sar que, en 6 km. serve como limite do municipio.


Está preto da media, tanto dos galegos, case 90,00 km², como dos da provincia da Coruña, 84,80 km².

Dos 94 concellos en que está dividida A Coruña, contan con mais territorio 34, e con menos, 59.

Sobre as súas terras, con un altitude media de 201,10 metros sobre o nivel do mar, aséntase unha poboación de 5.356 habitantes distribuídos en 12 parroquias e 112 entidades de poboación.

A capital do municipio dista 87 Km da capital da provincia, coa que se comunica a través da estrada N-550 da Coruña a Vigo.

A composición do Concello abarca doce parroquias: Aguasantas, Buxán, Costa, Herboغو, Ermedelo, Leroño, Rois, Oín, Seira, Sorribas e Urdilde, se ben o traballo desenvólvese nas parroquias de Ermedelo, Aguasantas e Buxán (sumando un total de 33,80 km² sobre o total de 88,9 km²), sendo das doce, a mais grande en extensión a de Urdilde, e a mais pequena a de Seira.



PARROQUIA	SUPERFÍCIE (km ²)	ALDEA
Augasantas¹	13,80	


Albagueira
Bandón
Beade
Bralo
Busto
Cernán
Duei
Figueiroa
A Igrexa
Niñarello
Pedrouzos
Porto
Salgueiros
A Senra
As Subidas
Verduga
Vilariño

PARROQUIA	SUPERFÍCIE (km ²)	ALDEA
Buxán¹	13,20	

Buxán
A Chisca
Espiñeira
Faro
Fontedelo
Fufelo
Peracova
Picadizo
Piñeiro
Silvarredonda
Xeí

PARROQUIA	SUPERFÍCIE (km ²)	ALDEA
Ermedelo¹	6,80	

Asneiros
O Barreiro
Casa de Vento
Codeso
Martelo
Moares
Penavide
Sabacedo



¹ Imaxe 2: Parroquias obxecto de estudo.
Fonte: Cartografía publicitaria do Concello de Rois.

3.2. AS CONDICIÓN NATURAIS: AUGA E RELEVO

Os factores físicos condicionan en maior ou menor medida a actividade humana, chegando nos casos extremos a un franco determinismo. Isto é tan evidente, polo que respecta ó muíño hidráulico, que a eliminación do factor determinista co progreso técnico non puido levarse a cabo sen a desaparición do muíño tradicional. En efecto, a difusión do muíño eléctrico, de ubicuidade ilimitada, converteu os antigos muíños, que levaban funcionando, ó menos, máis de mil anos, nunha morea de ruínas cubertas de maleza.

Dos factores naturais, dous son os que teñen un maior protagonismo: os hidrolóxicos e os topográficos, en tanto en canto, como mínimo, a instalación dun muíño hidráulico require unha corrente de auga de pendente axeitada. Outros factores, como os edafolóxicos, actúan indirectamente, pois condicionan o tipo de cultivo.

3.3. OROGRAFIA E ORIENTACIÓN

O Concello de Rois atópase no extremo dunha depresión enmarcada por unhas superficies de erosión con altitudes de ata 600,00 metros sobre o nivel do mar.

A variedade de relevo do municipio de Rois está perfectamente retratada pola diversidade de altitudes das súas distintas parroquias.

PARROQUIA	SUPERFÍCIE (km ²)	ALTITUD MEDIA
Augasantas¹	13,8	370*
Buxán¹	13,2	232*
Ermedelo¹	6,8	440*
Costa	6,2	136
Herbogo	6,1	105
Leroño	5,6	236
Oín	3,1	54
Ribasar	4,4	44
Rois	5	58
Seira	3	24
Sorribas	6,7	58
Urdilde	15	108

Na área situada ao Sudeste do termo, na beira do río Sar aparece un pequeno vale de case 25 km² con altitudes situadas por embaixo dos 70,00 metros, limitada ao Este por este río, ao Oeste polas estribacións do Monte do Pedregal e ao Norte polos Montes de Oleirón, ficando entre ambos a entrada do vale formado no seu curso polo río Rois.

Por outro lado, na metade occidental do municipio, a cadea montañosa formada polos montes do Pedregal, Vispeiro, Nadea e Mágoa Valadoira con altitudes de até 609,00 m separa do resto do termo as terras que, a modo de meseta, ocupan o extremo noroccidental do municipio, unhas terras con poucas diferenzas de altitude situadas a uns 500 m sobre o nivel do mar e surcadas polos ríos Moares e Manle.

Pola súa altitude destacamos os montes do Pedregal, con 609,00 m. sobre o nivel do mar, Ricobo con 526,00 m., Mágoa Valadoira con 418,00 m. e O Oleirón con 492,00 m.. Todas elas son montañas non moi elevadas e con pendentes non moi profundas, de xeito redondeado debido á erosión.

3.4. HIDROLOXIA

O termo municipal de Rois pertence a dúas concas principais: a conca do río Sar que abranxe a maior parte do municipio e a conca do río Tambre.

O termo municipal atópase percorrido por un bo número de ríos e regatos que recollen as augas dos montes do Pedregal e Oleirón.

Unha importante parte deles nace dentro do propio termo municipal e contan con un caudal variable que, en ningún momento do ano, chega a secarse dando lugar no seu curso a espazos naturais de grande beleza.

O mais importante destes ríos é, sen dúbida, o Sar que fai de límite natural no Este co termo municipal de Padrón nas parroquias de Ribasar, Sorribas e Seira.

O río Sar, tras recoller boa parte das augas nadas no municipio a través do río Rois, tras adentarse no municipio de Padrón vai parar ao Ulla preto xa da súa desembocadura.

Esta configuración do relevo condiciona unha rede fluvial, que é autóctona, agás o río das Ferrerías, e de escasa entidade, na que os cursos da auga non sobrepasan a categoría de regatos.

A distribución de pequenas correntes de auga coincide cos manchóns de poboamento, de tal xeito que o crecemento demográfico, ou simplemente o aumento das edificacións, alterou seriamente as súas condicións primixenias, e loxicamente orixinou a desaparición de todo vestixio dos muíños. O feito de que a maioría dos muíños se mantiveran activos só durante uns meses ó ano é unha proba evidente da precariedade dos regatos para desenvolver tal actividade.

As condicións son distintas na conca do río Manle e o Rego de Buxán. Tamén aquí a achega de auga dos mananciais, que aflora en numerosas fontes, é importante. O curso de auga é de mais dun metro de ancho. Nel as condicións só son favorables durante algúns dos meses do ano.

3.4.1. A Conca do río Sar

Dentro da CONCA DO RÍO SAR, e vertendo as súas augas en el, podemos destacar os seguintes ríos:

3.4.1.1. Río Rois. (Rego de Buxán)*


dun profundo vale, pasa polas proximidades de Xei, Buxán e Infesta e vai a unirse ao río Herbogo tras recibir as augas dun pequeno río procedente de Pereira, para posteriormente desembocar no Sar.

3.4.1.2. Río Herbogo (río Sarela)


Nace moi preto de Vilariño recibindo pola súa dereita o regato procedente de Sabacedo. Discorre por un vale pechado até se unir coas augas procedentes de Urdilde a través dos regatos nados nas proximidades de Macedos e Pumar. Desde alá discorre cara o sur pasando por Liñares e Pinelas para, posteriormente, nas proximidades de A Pontenova unirse ao río Rois.

3.4.1.3. Río Rubial

Nace nos montes de Oleirón nas proximidades de Vilar de Abade, tras pasar por Sorribas e Xiaxe, desembocar no río Sar moi preto da Meana.



Imaxe 3: Rede hidrolóxica das parroquias obxecto de estudo con localización dos muíños do catálogo. Fonte: Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Rois.



Imaxe 4: Detalle da Rede hidrolóxica nas parroquias obxecto de estudio con localización dos muiños do catálogo.
 Fonte: Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Rois.

3.4.1.4. Río Tinto

Procedente de Teo, cruza as terras do Pazo dó Faramello, orixinando un paseo moi fermoso, para se unir ao Sar nas cercanías de O Sisto.

3.4.2. A Conca do río Tambre

A CONCA DO RÍO TAMBRE, ábralle a zona occidental do municipio, e recolle as súas augas a través dos seguintes ríos.

3.4.2.1. Río de Soñora*

Nace en Lousame e únese ao río Manle*, procedente de Ermedelo tras recibir este as augas do río Moares con orixe en Cabanelas.

Tras esta confluencia recolle as augas do regato de Treiño, procedente dos montes de Pedregal para adentrarse de novo no municipio de Lousame.

3.4.2.2. Río Naveira

Nace moi preto de Cabanela e, tras pasar polas proximidades de Pazo, Casal de Gonzalo e Xallas, discorre cara o termo de Brión.

3.5. CLIMATOLOXIA

caracterizado polas súas altas precipitacións, producidas polo enfriamento dos ventos húmidos do oeste, obrigados a elevarse ao chegar ás superficies de erosión que forman as serras occidentais, coa conseguinte descarga de chuvia.

3.5.1. TEMPERATURAS.

A temperatura media anual da bisbarra sitúase nuns 17°, por encima da media deste dominio situada nuns 12°.As variacións son duns 10°.

3.5.2. PRECIPITACIÓNS

As precipitacións do dominio oceánico hiper- húmido superan os 1.500 mm ao ano (1.543 en Rois), sendo relativamente abundantes e repartíndose con abondo regularidade ao longo do ano, en mais de 150 días co máximo en outono- inverno, e o mínimo nun non moi longo verán, (clara diminución nos meses de xuño, xullo e agosto).

*ríos e concas obxecto de estudio.

3.6. CULTIVOS E APROVEITAMENTOS

3.6.1. CLASES AGROLÓXICAS

A valoración da capacidade agrolóxica dos chans ten por obxecto definir a intensidade máxima de estupación a que pode someterse no chan sen diminución da súa capacidade produtiva, mediante as medidas de orde técnico que para este fin se adopten.

Os grupos de clases agrolóxicas son os seguintes:

Clase I: Terreos cultivables de laboreo sistemático.

Clase II: Terreos cultivables de laboreo ocasional.

Clase III: Non laborais. Acostumo forestal.

Clase IV: Improdutivos.

A distribución dos chans con amaño ao seu aproveitamento, no concello de Rois, evidencia unha elevada porcentaxe encanto a terreos non laborábeis, en troco os improdutivos son inexistentes.

3.6.2. CULTIVOS


Tendo en conta a climatoloxía do concello de Rois son posibles os seguintes cultivos:

Leguminosas para gran (xudías, fabas, lentellas, etc.) en sembra outonal ou primaveral, tubérculos (pataca, etc.), cultivos industriais (remolacha azucreira, liño), cultivos forraxeiros, hortalizas de folia ou tallo (col, leituga, espinacas), de froito con limitacións (sandía, melón, calabaza, berenxena, etc.), de flor (alcachofa, coliflor), raíces ou bulbos (allo, cebola, porro, cenoura, etc.), frutais de pepita ou oso (maceira, cereixeira, ameixeira, con limitacións pereira, etc.), de froito seco (amendoeira, nogueira, aveleira) e videira, así como os cereais (millo, trigo e centeo), parte principal do estudo que se esta a levar a cabo, posto que é a razón de ser dos muíños tradicionais.


Tradicionalmente foron tres os cereais empregados na elaboración do pan: o centeo, o millo miúdo ou paínzo e o trigo.

O primeiro, aínda que cunha importante mingua, mantivo a súa vixencia en toda Galicia ata non hai tantos anos; o paínzo, pola contra, foi desaparecendo dun xeito progresivo a partir do século XVII trala incorporación á cultura galega da gramínea americana que non só lle roubou o nome senón tamén o seu papel como principal cultivo de subsistencia.


O trigo, ao parecer, estivo máis espallado por Galicia, pero co tempo foi desprazado, reducíndose xa a súa área no último século a zonas moi concretas - serras ou terras de altitude media -, onde convive co centeo.



Imaxe 5: Formas de masa das parroquias obxecto de estudo con localización dos muíños do catálogo.
Fonte: Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Rois.



Imaxe 6: Núcleos de poboación no ano 1986 das parroquias obxecto de estudo.
 Fonte: Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Rois.



Imaxe 7: Núcleos de poboación no ano 1996 das parroquias obxecto de estudo.

3.7. ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN

Os distintos núcleos de poboación do municipio sitúanse na súa maior parte no borde das terras de cultivo da ribeira do Sar, no vale definido polos ríos Rois e Herbogo e nas terras chás situadas no extremo occidental do termo, na vertente occidental da cadea montañosa.

Das parroquias que compoñen o municipio, Urdilde é a mais poboada, coa quinceava parte da poboación, seguida polas parroquias de Buxán e Rois.

As que contan co maior número de núcleos de poboación son Augasantas e Urdilde.

A parroquia de Augasantas, situada na vertente oriental da cadea montañosa que percorre o municipio de sur a norte, conta con 18 núcleos de poboación con unha media de 33 habitantes por aldea, sendo as mais importantes Vilachán e Bralo.

En Buxán, situada no val polo río Rois, encontramos 11 núcleos de poboación cunha media de 50 habitantes.

As aldeas de maior dimensión son Piñeiro, Fufelo, Picadizo e Buxán.

Ermelo, no chan noroccidental do termo, conta con 12 lugares e unha media de só 26 habitantes por lugar.

Os núcleos do termo municipal ordenados por parroquias son os seguintes (unicamente se indican dentro das parroquias que se analizaran os núcleos ou lugares):

PARROQUIA	SUPERFÍCIE (Has.)	ALDEA
Aguasantas	146,1	Albagueira Bandón Beade Bralo Busto Cernán Duei Figueiroa Igrexa, A Niñarello Pedrouzos Porto Salgueiros Senra, A Subidas, As Verduga Vilariño
PARROQUIA	SUPERFÍCIE (Has.)	ALDEA
Buxán	120,7	Buxán Chisca, A Espiñeira Faro Fontedelo Fufelo Peracova Picadizo Piñeiro Silvarredonda Xei
PARROQUIA	SUPERFÍCIE (Has.)	ALDEA
Ermedelo	108,3	Asneiros Barreiro, O Casa de Vento Codeso Martelo Moares Penavide Sabacedo

A tipoloxía dos asentamentos predominante no municipio é a aldea pechada, con caserío mesto. A distribución dos caseríos situase xeralmente entre os límites dos terreos de cultivo e o monte. A maioría dos lugares conta con agrupacións de entre 10 e 40 edificacións de carácter netamente rural, a maioría das veces unidas entre medianeiras en torno a un camiño.


Esta tipoloxía de asentamento fica fielmente reflectida no relativamente baixo número de aldeas existentes.

De entre estes núcleos, tan só dous, Dices/Rois e Urdilde, teñen certa importancia configurándose como centros alternativos de servizos para as áreas norte e sur do termo.

A totalidade dos lugares existentes no municipio se estrutura, por outro lado, nunha boa rede de pistas asfaltadas que posibilita unhas boas comunicacións.



Imaxes 8,9 e 10 Fotografías aéreas dos lugares de Vilar de Castro, Pedrouzos e Salgueiros na parroquia de Aguasantas, Buxán na parroquia de Buxán e Sabacedo a parroquia de Ermedelo, respectivamente.



Imaxe 11: Distribución xeral das vías de comunicación do Concello de Rois e das parroquias obxecto de estudo.
Fonte: Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Rois.

3.8. ARQUITECTURA E VIVENDA

A arquitectura do municipio pódese apreciar a través do estudo das diferentes tipoloxías arquitectónicas.

No concerne á tipoloxía das edificacións tradicionais dedicadas a vivenda, con unhas características abertamente agrícolas ou gandeiras, podemos apreciar unha xeneralización das edificacións de dúas plantas ocupadas por unha só vivenda que comparte o seu espazo con casos xeran a aparición de edificacións auxiliares que atinxiron unha grande importancia dentro da composición dos tecidos de cada asentamento, como consecuencia dos seus peculiares volumes e a súa localización o redor da casa- vivenda principal.

O estudo tipolóxico da casa- vivenda permítenos, finalmente a extracción do seguinte modelo arquitectónico como o mais estendido da zona:

Casa rectangular, con variacións de planta para adaptarse ás características do seu emprazamento, na que en moitas ocasións aparecen corpos adosados ás súas fachadas frontal e posterior, que permiten a aparición de zaguáns cubridos de acceso ao edificio principal.

Cuberta a dúas augas que cando é necesario se prolongan para cubrir os corpos adosados á edificación principal.

Presenza nunha grande cantidade de casos de patios pechados situados ante a fachada frontal do edificio base en torno aos que se localizan diversas dependencias auxiliares.

Como elementos construtivos característicos compre considerar, finalmente, a presenza dunha boa pedra de gran como materiais xeneralizados na construción (feito que ofrece magníficas condicións para a posible rehabilitación do patrimonio arquitectónico municipal) e a xeneralizada utilización da tella como material de cobertura.

A branca é a cor habitual das edificacións no caso de ter cuberta e a pedra con morteiro que serviu como base para a súa construción.

Ademais das vivendas, danse grande cantidade de edificacións adxectivas, con funcións agrícolas ou gandeiras, que tradicionalmente se realizan con técnicas e materiais similares ás vivendas, polo que se mimetizan nos núcleos, conformando con estas un conxunto homoxéneo.

3.9. DEMOGRAFIA

O estudo da poboación ten un interese decisivo en calquera traballo.

O coñecemento de cuestións tais como a dimensión do stock de poboación e a súa evolución histórica, o movemento natural ou os movementos migratorios, a estrutura de idades e sexos ou a distribución da poboación sobre o territorio é de primordial interese á hora de establecer a ordenación física do territorio.

O municipio de Rois conta, segundo o censo de 2.012 con unha poboación de feito de 4.871 habitantes, o que supón unha densidade de 60,2 habitantes por km2, que é a mais baixa de todos os municipios da bisbarra e pouco mais da metade da densidade media comarcal .Esta relativamente baixa densidade de poboación é un dos riscos invariábeis da demografía do municipio ao longo de todo o presente século.


Aínda que non existe información estadística elaborada e actualizada da estrutura de idades e sexos da poboación municipal, é de supor que estas terán características propias das poboación estancadas como consecuencia do fenómeno migratorio.

En concreto, o estreitamento da base da pirámide de poboación, que ten a súa correspondencia na redución dos estratos medios de idade.

En definitiva esta é a hipótese mais congruente coa actual situación da práctica desaparición da emigración, como consecuencia da crise económica.

A profundidade e persistencia desta crise, a saída da cal aínda non se percibe, e que en todo caso só se resolverá a longo prazo, fai pensar que a evolución futura do volume de poboación seguirá o sendeiro da medra vexetativa.

De termos unha completa información da evolución da construción de muíños, e da poboación das terras que forman o Concello de Rois, dende a aparición do muíño ata a crise da muiñeira tradicional, chegaríamos a conclusión de que se pode establecer algún tipo de relación entre ámbalas dúas, máxime se temos en conta que a agricultura cerealística tradicional foi de autoconsumo e que o pan, ata épocas recentes, foi un produto fundamental na alimentación. Chegaríamos quizais tamén á conclusión de que o proceso de construción de muíños foi acumulativo, é dicir, os muíños construídos vanse manter ata a crise do muíño tradicional e as fluctuacións de poboación determinan ascensos ou descensos na nómina dos que se abandonaban nos momentos de dificultade e volven funcionar no momento de bonanza, aínda que algúns poden desaparecer polo camiño en casos de extrema marxinalidade ou en relación cos cambios naturais.



Imaxe 12: Distribución do a poboación por idades e sexos
Fonte: Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Rois.

DIRECCION-ADMINISTRACION:
Calle del Carmen, núm. 23, entresuelo.
Teléfono núm. 12.322.



VENTA DE EJEMPLARES:
Ministerio de la Gobernación, planta baja.
Número suelto, 0,50

GACETA DE MADRID

SUMARIO

Ministerio de Instrucción pública y Bellas Artes.

Legislación al Patrimonio Artístico Nacional.—Páginas 1393 a 1399.

Presidencia del Consejo de Ministros.

Decreto implantando los acuerdos sobre adaptación de servicios de Sanidad Interior que pasan a la Generalidad de Cataluña, consignados en el anejo que se inserta.—Páginas 1399 y 1400.

Otro disponiendo que por los Centros que se indican se proceda al nombramiento de los funcionarios respectivos que han de constituir la Comisión de Técnicos para los efectos que se mencionan.—Página 1400.

Otro ídem que durante la ausencia del señor Ministro de Estado quedé encargado de la cartera de este Departamento el señor Presidente del Consejo de Ministros.—Página 1400.

Otro nombrando Presidente de la Delegación de España en la Conferencia Económica Mundial, que ha de celebrarse en Londres, a D. Luis Nicolau D'Oliver, ex Ministro de Economía y Diputado a Cortes.—Página 1400.

Orden resolviendo instancia presentada por D. Carlos Casajuana Diaz.—Página 1400.

Ministerio de Justicia.

Orden fijando las dietas que le corresponde percibir a Eusebio Manero Royo, Alcaide del Tribunal Industrial de Vizcaya.—Página 1401.

Otra concediendo los beneficios de libertad condicional a los reclusos que figuran en la relación que se inserta.—Página 1401.

Ministerio de la Guerra.

Ordenes circulares disponiendo se devuelvan a los individuos que figuran en las relaciones que se insertan las

cantidades que se indican, las cuales ingresaron para reducir el tiempo de su servicio en filas.—Páginas 1402 a 1404.

Ministerio de la Gobernación

Orden nombrando a D. José Luis Serret López Altamirano Profesor de la Escuela de Aviación del Aero Popular.—Página 1404.

Otra fijando las plantillas de Porteros correspondientes a Comunicaciones.—Páginas 1404 y 1405.

Ministerio de Instrucción pública y Bellas Artes

Orden resolviendo expediente incoado por los vecinos de Villarrose, Ayuntamiento de Aranga (Coruña), sobre modificación del Arreglo escolar.—Página 1405.

Otras ídem peticiones formuladas por D. Pedro Paloma Torres y el niño Gerardo González.—Páginas 1405 y 1406.

Otras resolviendo expedientes sobre modificación de Escuelas.—Página 1406.

Otra aprobando la convocatoria de concurso para la provisión de tres plazas de Profesores de la Escuela de Capataces Facultativos de Minas, de Mieres.—Página 1406.

Otra concediendo la gratificación de 2.500 pesetas a D. Adolfo J. Teóphan Martín, Ayudante de Taquígrafía, Mecanografía, Caligrafía y Dibujo del Instituto local de Segunda enseñanza de Arceife de Lanzarote.—Página 1406.

Otra resolviendo expediente promovido por el Ayuntamiento de Santo Domingo de la Calzada.—Páginas 1406 y 1407.

Otra disponiendo que la plaza de Profesor de Modelado y Vaciado y Composición decorativa (Escultura), de la Escuela de Artes y Oficios Artísticos de Valencia, sea desdoblada en la forma que se indica.—Página 1407.

Otra ídem se devuelvan a D. Juan Cruz Bana la fianza que constituyó para

garantía de su cargo de Pagador de obras de la provincia de Gerona.—Página 1407.

Otra nombrando con carácter de Jefe Vocal del Patronato local de Formación Profesional de Cáceres a los señores que se mencionan.—Página 1407.

Otra disponiendo que rija el Reglamento, que se inserta, para funcionamiento de los Consejos asesores de las Escuelas de Ingenieros Industriales.—Páginas 1407 y 1408.

Ministerio de Trabajo y Previsión.

Ordenes declarando beneficiarios del Régimen de protección social a la familia a los señores que se indican.—Páginas 1408 a 1410.

Otra relativa a los depósitos previos a que se refieren los artículos que se mencionan del Estatuto especial para entidades particulares de ahorro capitalización y similares.—Página 1410.

Otras disponiendo sean inscritas las Sociedades que se mencionan en el Registro especial de las autorizadas para sustituir al patrono en las obligaciones que a éste le impone la legislación vigente sobre accidentes del trabajo.—Páginas 1410 y 1411.

Otra nombrando las Delegaciones del Gobierno y de las organizaciones patronal y obrera que han de asistir a la XVII Sesión de la Conferencia internacional del Trabajo.—Página 1411.

Otra disponiendo que la Sección de Contratos ferroviarios del Jurado mixto de Transportes terrestres de Barcelona quede constituida en la forma que se expresa.—Páginas 1411 y 1412.

Otra aceptando a D. José Juárez Capilla la dimisión del cargo de Presidente del Jurado mixto de Trabajo rural de Alcalá de Henares.—Página 1412.

Otra nombrando Vicepresidente de la Agrupación de los Jurados mixtos que se indican a D. Ricardo Moran Ruiz.—Página 1412.

Otra declarando sin efecto la Orden de

3.10. HISTORIA DA LEXISLACION RELATIVA O PATRIMONIO HISTORICO-ARTISTICO

Os precedentes legislativos orientados á protección e conservación do patrimonio histórico, á marxe das súas profundas raíces que se somen no mundo romano e percorren no tempo un longo periplo, teñen as súas pegadas máis recentes na sempre meritosa e respectada **Lei do 13 de maio de 1933**, (Lei do 13 de maio de 1933, sobre defensa, conservación e acrecentamento do patrimonio histórico-artístico nacional), fonte inesgotable cargada entón de modernidade e á que as formulacións dos tempos chamaron axiña a un necesario relevo, impulsado sen dúbida polo nacemento da Constitución Española de 1978 (aprobada polas Cortes en sesións plenarias do Congreso dos Deputados e do Senado celebradas o 31 de outubro de 1978), que subliña con vehemencia a obriga de protexer e difundir o patrimonio histórico á vez que consagra o Estado das autonomías e a subseguinte responsabilidade compartida en materia cultural.

*2 **TÍTULO I. dos dereitos e deberes fundamentais, CAPÍTULO TERCEIRO. dos principios rectores da política social e económica, Artigo 46** :Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. A lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio.

Resultado de todo iso é a **Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español**, herdeira polo tanto da xa veterana normativa de 1933 e que, baseándose en conceptos e criterios cheos dun fecundo alento, inicia un novo camiño.

Xa pouco antes, o Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 permitira o acceso dos poderes públicos á responsabilidade de conservar e acrecentar o seu patrimonio histórico, polo cal o paso dos anos foi encargándose de proporcionar sólidos alicerces sobre os que levantar unha segura estada que permita construír unha lei filla da experiencia e a madurez.

A **Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia** é a expresión xurídica necesaria á especificidade que, como nacionalidade histórica, posúe en materia cultural, forxada a través dos séculos e precisada na actualidade de preservación, conservación, actualización e difusión para o seu disfrute social. Preténdese con esta Lei adecuar á realidade de Galicia e ás súas necesidades específicas en materia de patrimonio cultural a normativa legal pola que se rexerá a defensa, protección, conservación e sancións contra as agresións de diversa índole que este poida sufrir. A Lei parte dun concepto amplo do patrimonio cultural de Galicia, que engloba o patrimonio moble, o patrimonio inmovible e o patrimonio inmaterial, xa sexa de titularidade pública ou privada, ademais das manifestacións da nosa cultura tradicional e popular.

A presente **Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia** ten como finalidade esencial protexer, conservar e difundir un legado que o tempo irá acrecentando para transmitilo ao futuro. Así, tal como se desenvolve no título I, créanse tres categorías de bens: Os declarados de interese cultural, os catalogados e os inventariados, definidoras da incidencia que cada un destes tivo no patrimonio de Galicia.

En tanto os primeiros representan o máis destacable dos bens mobles, inmovibles e inmateriais, os catalogados son aqueles que pola súa singularidade chegan a definir un territorio, e os bens inventariados, merecedores de ser conservados, pasan a integrar xunto cos anteriores o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. O título II, dedicado ao réxime xeral de protección e conservación, establece tres graos diferentes, emanados das tres categorías establecidas, incidindo dun xeito máis notorio nos bens de interese cultural. Deste modo, os inmovibles,

*2 extraído da Constitución Española

especialmente os monumentos, enténdense integrados nun contexto que é o seu territorio, e non como elementos illados, da mesma forma que os proxectos de intervención se conformarán con informes pluridisciplinares ditados por profesionais das distintas materias para garantir a conservación do ben, á vez que se dotan dun contido claro e específico os plans dos conxuntos históricos. No que respecta aos bens mobles, ponse unha énfase especial no control da súa conservación así como nos traslados e na regulación do seu comercio. Son elementos esenciais, dentro das medidas de fomento que se desenvolven no título VIII, a **investigación**, conservación, difusión, adquisición e investimento, así como os beneficios fiscais. Finalmente, a lei tamén regula, no título IX, o réxime sancionador, establecendo tres clases de infraccións, así como as responsabilidades e os órganos competentes para facelas efectivas.

A presente Lei é tamén sensible ao importante papel que han de xogar as **Corporacións Locais** en materia de patrimonio cultural, polo cal recoñece expresamente as competencias que neste sentido lle determina a **Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local**. Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgou en nome do Rei, a **Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia**.

Un dos puntos básicos no que centrar calquera traballo é sen dúbida a defensa do patrimonio arquitectónico do termo municipal de Rois. A importancia do patrimonio arquitectónico no Concello de Rois é tal que o primeiro obxectivo de calquera técnico comprometido coa súa defensa, deberá ser a súa conservación universal, pero dende o punto de vista realista, desde as nosas actuais posibilidades pouca mas cabería plantexarse que proceder a unha defensa xeral do conxunto de carácter defensivo.

Non se pretende, polo tanto, plantexar a conservación total dun patrimonio inmobiliario caracterizado en moitos casos polas súas malas condicións de conservación e habitabilidade, pero ante a perspectiva de que moitas edificacións existentes, mesmo as peor dotadas, podan ser transformadas con modificacións e melloras perfectamente viábeis, consideramos que habería que plantexarse a súa recuperación, polo menos parcial, non só pola súa importancia como parte dun patrimonio cultural, se non tamén polo feito de que o custe da súa recuperación será sempre inferior á da súa substitución por outra edificación sen ter por iso que romper a súa harmonía ou o espírito do seu emprego. Dende esta perspectiva de conservación selectiva, teremos que plantexar un problema inicial: Cales son as recuperables ou conservables.

Para ter os datos necesarios para unha actuación de protección haberá ante todo que esbozar unha análise do hábitat e das edificacións do municipio, das súas características espaciais, construtivas, a realización dun catálogo do patrimonio arquitectónico, que nos indique os datos necesarios para o coñecemento de cada edificio: tipoloxía do hábitat, situación das edificacións (estado de conservación, tipo de uso...), capacidade de conservación (durabilidade dos materiais, dificultade de mantemento, sistemas construtivos...), capacidade de mellora das súas condicións de habitabilidade e funcionalidade, etc., xa que só a través dunha catalogación deste tipo poderemos delimitar os conxuntos mais representativos de maneira que podamos proceder a programar os proxectos necesarios para a súa rehabilitación.

No presente traballo pretendese analizar os datos xa existentes a través de traballos de campo xa realizados no Catálogo realizado polo profesor **Clodio González Pérez**^{*3}, xunto cos datos recollidos a través da fase do desenrolo deste Traballo.

*³...que logo aparecerá tamén na referencia bibliográfica

<p>Lei 16/1985 de 25 de xuño LEI DE PATRIMONIO HISTORICO Organismo emisor: Xefatura do Estado Data de aprobación: 25/6/1985 Data de publicación: BOE 28/6/1985 Data de entrada en vigor: 28/12/1985</p> <p>Derroga a</p> <ul style="list-style-type: none"> • Real Decreto 2832/1978, de 28 de Outubro , sobre o 1% cultural. • Lei 26/1972, de 21 de xuño, para a Defensa do Tesouro Documental e Bibliográfico da Nación e regulación do comercio de exportación de obras pertencentes ao mesmo. • Decreto 1641/1959, de 23 de Setembro , sobre exportación de Obxectos de valor e Interese Arqueolóxico ou Artístico e de imitacións ou copias. • Lei de 22 de Decembro de 1955 sobre Conservación do Patrimonio Histórico-Artístico. • Lei de 13 de Maio de 1933 sobre Defensa, Conservación e Acrecentamento do Patrimonio Histórico-Artístico. • Lei de 10 de decembro de 1931 sobre enaxenación de bens artísticos, arqueolóxicos e históricos de máis de cen anos de antigüidade. • Real Decreto-Lei de 9 de Agosto de 1926 sobre Protección, Conservación e Acrecentamento da Riqueza Artística. • Lei de 7 de xullo de 1911 sobre Excavacións Arqueolóxicas. <p>Lei 8/1995 de 30 de outubro LEI DE PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA Organismo emisor: Consellería de Presidencia Ámbito: Autonómico de Galicia Data de aprobación: 30/10/1995 Data de publicación: DOG 8/11/1995 Data de entrada en vigor: 9/11/1995</p> <p>Relacionadas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lei 16/1985 de 25 de xuño . LEI DE PATRIMONIO HISTORICO (BOE 28/6/1985) • Decreto 46/2007 de 8 de marzo. REGULA A COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DO COMITÉ ASESOR DO CAMIÑO DE SANTIAGO (DOG 26/3/2007)

Imaxe 14: Cadro legislativo con normativa relacionada e derogada
Fonte: Colexio oficial de Arquitectos de Galicia

3.11. O ABANDONO E O FUTURO DOS MUIÑOS

O abandono dos muiños é un fenómeno que xa se constata dende principios do século XX aínda que a unha escala moi reducida. Estes primeiros casos e os que se foron sucedendo ao longo da primeira metade recaeron en gran medida sobre os muiños herdeiros dos arredores das vilas, que vían como os seus usuarios preferían acudir aos de maquiá, que estaban en pleno auxe, no canto de investir en arranxos. A partir dos anos 50 o proceso de abandono dos de herdeiros vaise acelerando progresivamente ata os nosos días, aínda que a un ritmo menor por estar xa a inmensa maioría en ruína total. Os maqueiros pola súa parte non correron mellor sorte e trala súa época de máximo esplendor nos anos 40, cando o millo acadou moito valor, sufriron unha brusca decadencia que os levou ao seu estado actual.

O abandono masivo dos muiños hidráulicos debeuse non a unha única razón senón a un conxunto delas encadeadas entre si. A progresiva industrialización do país (dato curioso usado como resposta na aldea de Beade por un veciño no traballo de campo) dende o comezo do século, a emigración e o posterior éxodo ás cidades provocan que cada vez se dispoña de menos tempo ou mans para traballar o agro, á vez que as achegas de capital ás familias vai medrando. Como consecuencia a agricultura de autoconsumo perde a súa importancia crucial no mantemento da familia, e moitas herdades deixan de ser traballadas ou son reconvertidas, sementándoas de patacas onde antes se botaba o millo. O pan consumido a cotío deixa de ser o elaborado na casa; o centeo convértese nun cultivo testemuñal, mentres que o millo, coma unha sombra do que fora, segue a ser sementado para alimento da facenda. Todos estes cambios na agricultura provocan que os muiños traballen cada vez menos horas, sen embargo non acaban con eles pois segue a ser necesario un lugar onde moer. O golpe de graza viríano dar dous enxeños da técnica, primeiramente as "**muiñeiras**" eléctricas ou industriais (como a localizada no lugar de Igrexa, na parroquia de San Vicente de Aguasantas), que deixarían sen xente os vellos muiños maqueiros, e máis tarde os pequenos muiños eléctricos, que se farían comúns en moitas casas.

Os cambios económicos viñeron tamén acompañados de cambios ideolóxicos que en gran medida influíron no abandono dos muiños. Os medios de comunicación irrompen brutalmente nunha sociedade rural á que non teñen para nada en conta, introducindo novos valores totalmente alleos e irrespectuosos. O propio pasa a ser considerado algo vello, bruto e inútil, o que nos conduciu cara a un magoante auto odio. A pouco que a moitas persoas se lles inculcase o aprecio polos muiños como parte da súa historia, de seguro que habrían seguir moendo neles e non terían mercado os eléctricos que ademais de moeren peor, viñeron ser unha necesidade creada máis ca real.

Como resultado de todo isto a situación actual dos muiños no Concello que estamos a analizar é, dende o meu punto de vista, máis ben penosa, en xeral como a de toda a nosa arquitectura popular. Unha gran parte deles desapareceron por completo ou só quedan restos. Outros conservaron unicamente os muros e o pé; hainos co mecanismo en mal estado, e unha minoría están ben conservados e mesmo en activo. Estes últimos son polo xeral muiños de fácil accesibilidade, ou ex-maqueiros nos que o dono realiza a moenda propia por quedarlle preto da casa.

O perigo de que estes derradeiros muíños deixen de funcionar en polo tanto sexan abandonados, é inmediato pois nos máis dos casos o feito de que sigan e activo débese ao empeño do propietario ou dun herdeiro que se nega a romper con estes fermosos vínculos do pasado. Trátase case sempre de persoas de idade, e trala súa morte é improbable que sexan sucedidos no afán polos seus descendentes, que en moitos casos nin sequera han continuar co cultivo do millo nas súas terras. Nalgúns nin haberá que esperar a que estas xentes desaparezan senón que bastará que ao muíño lle rompa unha peza ou precise picar as pedras para que sexa abandonado para non gastar cartos nel ou por falla de persoas que saiban realizar estes traballos con habelencia.

3.11.1 NA PROCURA DE SOLUCIÓNS

Se queremos deter este galopante proceso de abandono, habería que actuar xa tomando unha serie de medidas urxentes porque o tempo xoga moi en contra nosa.

3.11.1.1 A CATALOGACIÓN

Cumpriría en primeiro lugar realizar unha catalogación o máis exhaustiva posible que abordase os muíños por parroquias ou máis xenericamente por concellos, construíndo un gran arquivo de datos sobre todos os muíños galegos. Nun primeiro momento afondaría con recoller o nome de cada muíño, a súa tipoloxía, propiedade, lugar de emprazamento, e estado actual, ademais de realizar algunha fotografía de ser posible. Unha vez recollidos estes datos, incidiríase sobre os que aínda conservan o mecanismo, que poden ou non estar en activo, facendo unha nova visita na que se intercambiarían impresións co propietario ou herdeiros, sobre as perspectivas que teñen para o muíño, se lles interesaría restauralo, etc. Aproveitando de paso para enquisalos en xeral sobre o mundo dos muíños, como eran antes, o nome das pezas, os traballos, cancioneros, e en particular sobre a vida de cada muíño concreto. Salvando deste xeito parte da historia e a cultura oral que está quizais máis ameazada cas propias construcións en si, das que no peor dos casos sempre quedaría o testemuño gráfico das fotografías. Podería aparecer por primeira vez ao completo a realidade actual dos muíños no Concello de Rois, con reveladores e de seguro sorprendentes datos estatísticos.

3.11.1.2 A PRESERVACIÓN, RESTAURACIÓN E A RECONVERSIÓN FUNCIONAL

Cos datos na man revelaríanse gran cantidade de muíños únicos que polas súas especiais características tipolóxicas, históricas, arquitectónicas ou paisaxísticas, merecerían a declaración por parte do concello de monumentos a conservar o mesmo que o son as cáselas e as igrexas. Trataríase dunha medida de urxencia destinada a evitar cando menos que por iniciativa particular fosen derrubados ou alterados de xeito que perdesen o valor. Cumpriría tamén de inmediato preservar certos coñecementos coma os referidos a arranxo das pezas e o mantemento do muíño. Moi importante sería que novos canteiros ou carpinteiros aprendesen directamente dos vellos muiñeiros e compostores a arte de picar as pedras, facer un novo eixo, desmontar o mecanismo ou de aplomar o muíño, pois son estes, labores que non se poden aprender nun libro por moito que algúns nos esforcemos en describilos. De non actuarmos xa, poderíamos chegar á disxuntiva de ter muíños pero non poder úsalos por se sofren algún dano e non hai quen os amaie.

Paso seguinte no proceso de preservación dos nosos últimos muíños sería a restauración que debería ir acompañada dun proceso de reconversión funcional que fixese novamente destas construcións uns espazos útiles para a sociedade, sen perder por suposto o carácter para o que foi concibido, que é o que lles confire un lugar importante dentro da historia da nosa cultura. Pero isto último xa ten que ser considerado noutro traballo.